



CONCELLO DE SANTIAGO  
Grupo Municipal Popular

CONCELLO DE SANTIAGO REXISTRO XERAL	
Data	25 MAR. 2008
ENTRADA	
Hora .....	Núm. 14730

PAZO DE RAXOI  
Praza do Obradoiro, s/nº  
15705 SANTIAGO

Tlf.: 981542333  
Fax: 981542308

## MOCIÓN SOBRE O VERTEDOIRO DE RESIDUOS NO LUGAR DE MIRAMONTES, PARROQUIA DE GRIXOA

O D.O.G. con data 3 de xaneiro publicou anuncio da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación ambiental polo que se somete a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada para o Proxecto de mellora do Plan de restauración da canteira de Miramontes, lugar de Grixoa no Concello de Santiago, promovida pola empresa Eyroga.

Do antedito proxecto dedúcese que o que se pretende é a construción dun novo vertedoiro de residuos non perigosos, evitando deste xeito aplica-la normativa relativa a estas instalacións.

Por outra banda, inclúese no referido proxecto que tipo de materiais poden depositarse no citado vertedoiro, incluído diversos tipos de lodos, escorias, plásticos, minerais, carbonos activos, compost, etc., o que significa que contradí o obxectivo do Proxecto básico ademais de incumprir a normativa aplicable.

O referido Proxecto polo que se pretende instalar un vertedoiro de residuos é incompatible co planeamento urbanístico, xa que está localizado nun solo rústico de protección ordinaria e polo tanto incumpre o artigo 33 da LOUGA que regula os usos permitidos para esta clase de solo.

Ante esta irregular situación, o Grupo municipal do Partido Popular presenta a seguinte MOCIÓN a debate e posterior aprobación, se procede, no vindeiro Pleno a celebrar pola Corporación.

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Instar ao Concello para que se remita escrito á Consellería de Medio Ambiente no que se indique a condición inescusable de solicitude de licenza para a instalación dun vertedoiro destas características.
2. Que se convoque con carácter de urxencia o Consello municipal de medio ambiente para que se informe e tome posición sobre este asunto.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2008

O Concelleiro,

Asdo.: Ricardo García-Borregón Millán

ILMO. SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA